
DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.gal

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.gal

Telf:
+34 981 95 72 02



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Tecnoloxías da información e a comunicación

Este informe presenta os principais indicadores relacionados coa sociedade da información, así como a evolución das tecnoloxías da información e a comunicación en Galicia.

O estudo divídese en tres partes. Na primeira preséntanse resultados que permiten coñecer o grao de equipamento de produtos TIC nos fogares galegos (televisión, telefonía fixa e móbil ou equipamento informático) e o nivel de uso do ordenador, de Internet ou do comercio electrónico. Tamén se inclúen as actividades de aprendizaxe de novos coñecementos informáticos por parte das e dos usuarios de Internet, tanto en Galicia coma no conxunto de España. Nalgúns casos establécense comparativas de evolución temporal e tamén con outras comunidades autónomas e co total do Estado. Esta información elabórase a partir da Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares, realizada anualmente polo Instituto Nacional de Estadística.

Na segunda parte, a través da enquisa Navegantes en la Red, feita pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), o informe aborda cuestións relacionadas co perfil dos internautas galegos e a evolución dos seus hábitos na utilización de Internet. O manexo das redes sociais, as páxinas web máis visitadas, o acceso e creación de blogs ou mesmo as actividades máis frecuentes realizadas a través de Internet, entre outros aspectos, forman parte deste apartado. Nalgúns casos recórrese a comparativas co comportamento doutros usuarios de Internet provenientes do resto das comunidades autónomas ou do total de España.

A última parte describe a situación das novas tecnoloxías nos centros educativos. A obtención dos datos fíxose a través da Estadística de la Sociedad de la Información y la Comunicación en los Centros Educativos no Universitarios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. O ámbito dos estudos analizados nesta estatística abrangue educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato, así como ciclos formativos de FP básica, grao medio e grao superior, sen excluír aqueles que poidan impartir educación infantil, educación especial ou outros tipos de ensinanzas do sistema educativo. Para este informe preséntanse os datos das principais series históricas correspondentes a esta estatística, que inclúen a conexión a Internet dos centros educativos e os ordenadores existentes neles.

Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares


Un 74,3% dos fogares galegos conta con algún tipo de ordenador (de calquera tipo, incluídos tablets, netbooks, de man, etc.) e un 82,6% dispón de acceso a Internet. En ambos os dous casos os índices sitúanse por debaixo da media estatal: 5,2 puntos no primeiro caso e 3,8 puntos no segundo. A conexión a través de banda larga (ADSL, rede de cable, etc.) é a máis utilizada e ademais ten unha evolución positiva. A táboa e gráfica seguintes mostran estes datos.

Equipamento de produtos TIC nas vivendas galegas por tipo de equipamento (2018)

| | España | Galicia |
|--|--------|---------|
| Vivendas con algún tipo de ordenador | 79,5 | 74,3 |
| Vivendas que dispoñen de acceso a Internet | 86,4 | 82,6 |
| Vivendas con conexión de banda larga (ADSL, rede de cable, etc.) | 86,1 | 82,1 |
| Vivendas con teléfono fixo | 75,8 | 74,5 |
| Vivendas con teléfono móbil | 98,0 | 97,9 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Evolución do acceso a Internet e da conexión de banda larga dos fogares galegos



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O ordenador constitúe o cuarto equipamento con maior presenza nos fogares galegos, despois da televisión e os teléfonos móbiles e fixos, mentres que no conxunto de España vai por diante do teléfono fixo, cun índice porcentual de 5,2 puntos por riba de Galicia (79,5% fronte a 74,3%). A seguinte táboa mostra os datos en comparativa coa media estatal.

Equipamento de produtos TIC nas vivendas principais por tipo de equipamento (2018)

| | España | Galicia |
|--|--------|---------|
| Televisión | 99,1 | 99,4 |
| Ordenador (calquera tipo: incluídos netbooks, tablets, de man, etc.) | 79,5 | 74,3 |
| Teléfono fixo | 75,8 | 74,5 |
| Teléfono móbil | 98,0 | 97,9 |
| Cadea musical ou equipo de alta fidelidade | 46,7 | 44,5 |
| Radio | 69,2 | 73,3 |
| MP3 ou MP4 | 38,1 | 37,7 |
| Vídeo | 26,7 | 27,7 |
| DVD | 53,5 | 52,8 |
| Lector de libros electrónicos (e-book) | 24,0 | 20,2 |
| Tablet | 54,5 | 48,5 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares



O dato máis salientable en 2018 respecto ao uso das TIC por parte da poboación galega ten que ver coa compra a través de Internet, que experimentou unha suba de 8,3 puntos en relación co ano anterior (40,4% fronte a 32,1%). Con todo, a comunidade galega afástase da media estatal en case 6 puntos no uso de Internet e en 3,1 na utilización da rede para realizar compras, tal e como se pode observar na seguinte táboa.


Evolución da porcentaxe de persoas por tipo de uso das TIC nos últimos 3 meses

| | 2014 | | 2015 | | 2016 | | 2017 | | 2018 | |
|-------------------------------|--------|---------|--------|---------|--------|---------|--------|---------|--------|---------|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| Utilizaron Internet | 76,2 | 69,3 | 78,7 | 71,9 | 80,6 | 74,6 | 84,6 | 79,4 | 86,1 | 80,4 |
| Mercaron a través de Internet | 27,5 | 25,9 | 32,1 | 29,7 | 34,9 | 30,4 | 40 | 32,1 | 43,5 | 40,4 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O 82,1% das vivendas galegas e o 86,1% do total de España dispoñen de conexión a Internet a través de banda larga. En Galicia, un 35,1% dos fogares conéctase a través de ADSL (un valor semellante á media estatal) e un 47,4% por rede de cable ou fibra óptica. Neste último caso a comunidade galega sitúase case 10 puntos por debaixo do conxunto de España e a moita distancia de comunidades como Madrid (75,9%) ou País Vasco (63,5%). O seguinte mapa ofrece unha panorámica deste tipo de conexión en todas as comunidades autónomas do Estado.

Vivendas que dispoñen de acceso a Internet con conexión de banda larga por rede de cable ou fibra óptica (2018)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Hai que salientar que Galicia, malia estar situada nos postos de cola de España na conexión por rede de cable ou fibra óptica, experimentou unha suba moi significativa no último ano estudado. Se ben en 2017 a conexión ADSL era maioritaria (45,6 fronte a 41,6), en 2018 muda esta situación e aumenta a conexión mediante rede de cable e fibra óptica en 5,8 puntos porcentuais ata chegar ao 47,4%. O uso de ADSL descendeu dez puntos entre 2017 e 2018.



Acceso a Internet das vivendas segundo forma de conexión (2018)

| | España | Galicia |
|--|--------|---------|
| Vivendas con conexión de banda larga | 99,9 | 99,9 |
| Conexión de banda larga por ADSL | 35,0 | 35,1 |
| Conexión de banda larga por rede de cable ou fibra óptica | 57,2 | 47,4 |
| Outras conexións fixas de banda larga (vía satélite, wifi público ou Wimax) | 7,1 | 7,7 |
| Conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man (teléfono móbil de últimas xeracións -polo menos 3G-, iPod...) | 83,6 | 84,8 |
| Conexión móbil de banda larga vía módem USB ou tarxeta (en portátiles, p.ex.) | 8,3 | 9,8 |
| Vivendas con conexión de banda estreita | 1,7 | 2,0 |
| Conexión de banda estreita por chamada telefónica a través da súa liña de teléfono convencional (módem) ou RDSI | 0,6 | 1,2 |
| Conexión móbil de banda estreita (outros teléfonos móbiles -GPRS-) | 1,2 | 1,0 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Os servizos de comunicación e acceso á información son os máis utilizados polos usuarios e usuarias de Internet, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Dentro deste tipo destacan sobre todo os seguintes: a busca de información sobre bens e servizos, recibir ou enviar correos electrónicos e ver contidos de vídeo de sitios para compartir, como por exemplo YouTube. A participación en redes sociais é a cuarta preferencia dos usuarios, seguida da busca de información sobre temas de saúde. Hai que salientar que o uso da banca electrónica é o sexto servizo máis usado polos galegos e galegas, a unha distancia significativa da media estatal (62% fronte a 56,5% respectivamente). Na táboa que segue a continuación amósase información detallada ao respecto.

Utilización de produtos TIC polas persoas segundo servizo empregado en Internet (2018)

| | España | Galicia |
|--|------------|-----------|
| Total de persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses | 29.826.867 | 1.603.794 |
| <i>Servizos de comunicación e acceso á información</i> | | |
| Recibir ou enviar correos electrónicos | 80,2 | 78,3 |
| Telefonar a través de Internet ou videochamadas (vía webcam) a través de Internet | 38,2 | 33,1 |
| Participar en redes sociais (creando un perfil de usuario, enviando mensaxes ou outras contribucións a Facebook, Twitter, Instagram, Snapchat, etc.) | 67,4 | 64,4 |
| Buscar información sobre bens e servizos | 84,0 | 87,4 |
| <i>Servizos relacionados co entretemento</i> | | |
| Xogar ou descargar xogos | 33,6 | 33,1 |
| Escoitar música (p. ex. dunha radio emitida por Internet ou en streaming, p. ex. Spotify) | 58,2 | 54,5 |
| Ver programas emitidos por Internet (en directo ou en diferido) de canles de televisión | 45,5 | 39,9 |
| Ver películas ou vídeos baixo demanda de empresas comerciais (como Movistar +, Vodafone One, Netflix ou HBO) | 39,4 | 34,4 |
| Ver contidos de vídeo de sitios para compartir (p.ex. YouTube) | 75,8 | 73,2 |

Servizos relacionados con temas de saúde



DOCUMENTOS
DE TRABALLO


OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | |
|--|-------------|-------------|
| Buscar información sobre temas de saúde (p. ex. lesións, enfermidades, nutrición, etc.) | 63,7 | 63,0 |
| Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil (dun hospital ou dun centro de saúde, p. ex.) | 41,5 | 43,9 |
| <i>Outros servizos</i> | | |
| Vender bens ou servizos (venta directa, mediante poxas, etc.) | 13,1 | 9,9 |
| Banca electrónica | 56,5 | 62,0 |
| Utilizar algún espazo de almacenamento en Internet para gardar ficheiros con fins privados | 40,5 | 41,9 |
| <u>Comprar por Internet nos últimos 3 meses</u> | <u>50,5</u> | <u>50,2</u> |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

A idade do usuario/a é un factor que inflúe no uso das TIC. O 94,2% das nenas e nenos galegos de 10 a 15 anos utilizaron o ordenador en 2018, un 95,3% accedeu a Internet e un 66,5% dispuxo de teléfono móbil. Con todo, estas dúas últimas variables descendieron algo ese ano (3,2 puntos porcentuais o teléfono móbil e 1,6 puntos o acceso a Internet). O uso do ordenador, en cambio, mantense e incluso sobe lixeiramente. Aínda así, ao observar a tendencia do quinquenio estudado conséntase que só descendeu neses cinco anos a disposición de teléfono móbil dos nenos. A seguinte gráfica de evolución dá conta desta información.

Evolución da porcentaxe de uso das TIC polos nenos de 10 a 15 anos en Galicia




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

En comparativa coa media estatal, os nenos galegos de 10 a 15 anos superan os do conxunto de España no uso de Internet e do ordenador: 2,5 e 2,9 puntos porcentuais máis respectivamente. En cambio, é menor o número de nenos en Galicia que dispoñen de teléfono móbil (3,3 puntos por debaixo), como se pode observar na gráfica que vai a continuación.


Uso das TIC polos nenos de entre 10 e 15 anos nos últimos 3 meses (2018)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Como se dicía anteriormente, o uso do teléfono móbil en Galicia polos nenos de entre 10 e 15 anos é máis baixo ca a media estatal e, como se pode observar na comparativa autonómica da seguinte gráfica, a comunidade galega atópase nos últimos postos do conxunto de España, igualada con Murcia e só por riba de Navarra, Canarias, Cantabria e as cidades autónomas.




**Nenos de entre 10 e 15 anos que dispoñen de teléfono móbil nos últimos 3 meses por CC.AA.
(2018)**

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O comportamento de homes e mulleres no uso das TIC é cada vez máis similar. As diferenzas acúrtanse tanto no que respecta ao uso de Internet como á frecuencia de acceso. Isto esténdese á comunidade galega cunha única excepción: as compras realizadas por Internet. En Galicia, os homes compran máis a través da rede ca as mulleres, cunha distancia considerable entre ambos os sexos: 6,4 puntos porcentuais (37,3% das mulleres fronte ao 43,7% dos homes), diferenza que é algo máis reducida no conxunto de España (2,3 puntos porcentuais). A seguinte gráfica recolle esta información comparativa entre os datos da comunidade galega e a media estatal.



Uso de produtos TIC nos últimos 3 meses, segundo sexo (2018)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O número de persoas que utilizaron o comercio electrónico con fins privados aumentou entre 2015 e 2018 en máis de 142.000 usuarios, só no último ano de estudo creceu en máis de 91.000 persoas. En Galicia, tal e como se pode ver na seguinte táboa, son catro os produtos cuxa demanda aumentou significativamente a través da rede nesta serie temporal: bens para o fogar (de tipo duradeiro), equipamento electrónico (p. ex. cámaras fotográficas), servizos de telecomunicacións (p. ex. contratos de banda larga, liñas telefónicas ou televisión, recarga de tarxetas prepago, etc.) e, por último, material deportivo, roupa.

Evolución en Galicia do uso do comercio electrónico con fins privados ou para o fogar nos últimos 12 meses por tipo de produto

| | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|--|---------|---------|---------|---------|
| Total de persoas que mercaron por Internet nos últimos 12 meses | 788.985 | 772.227 | 839.796 | 931.107 |
| Produtos de alimentación e outros de consumo non duradeiros | 15,3 | 13,8 | 14,3 | 14,9 |
| Bens para o fogar (de tipo duradeiro) | 36,1 | 38,8 | 38,4 | 47,9 |
| Medicamentos | 3,2 | 3,4 | 1,8 | 3,1 |
| Películas, música | 17,3 | 18 | 11,9 | 15,5 |
| Libros, revistas, xornais (inclúe libros electrónicos) | 30,3 | 31,7 | 28,5 | 29,2 |
| Material formativo <i>online</i> | 18,6 | 15,0 | 14,6 | 13,5 |
| Material deportivo, roupa | 56,0 | 59,7 | 52,0 | 63,5 |
| Xogos de ordenador o videoconsolas e as súas actualizacións | 21,1 | 13,6 | 13,1 | 19,1 |
| Outro <i>software</i> de ordenador e as súas actualizacións | 23,9 | 12,0 | 10,1 | 12,2 |
| Equipo informático (ordenadores e accesorios) | 22,9 | 24,4 | 23,3 | 22,9 |
| Equipamento electrónico (p. ex. cámaras fotográficas) | 15,8 | 29,5 | 21,9 | 24,3 |
| Servizos de telecomunicacións (p. ex., contratos de banda larga, liñas telefónicas ou TV, recarga de tarxetas prepago, etc.) | 13,2 | 15,0 | 17,9 | 19,8 |



| | | | | |
|--|------|------|------|------|
| Aloxamento de vacacións (hotel, apartamento, etc.) | 53,2 | 58,3 | 50,5 | 53,1 |
| Outros servizos para viaxes (billetes de transporte público, alugamento de coches, etc.) | 43,6 | 46,7 | 41,5 | 44,3 |
| Entradas para espectáculos (cine, teatros, concertos...) | 44,3 | 46,8 | 48,2 | 47,9 |
| Outros produtos ou servizos | 21,0 | 26,8 | 34,4 | 32,1 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Tanto en Galicia coma no conxunto de España, os produtos máis demandados a través do comercio electrónico son o material deportivo e roupa (63,5% na comunidade galega, 56,5% no conxunto do Estado), así como aloxamento de vacacións (53,1% e 54,7% respectivamente), seguidos dos bens para o fogar, entradas para espectáculos e servizos complementarios para viaxes. En xeral, salvo algunhas excepcións, a elección do comercio electrónico para a compra de determinados produtos é bastante semellante entre a poboación galega e a media estatal, como se pode ver a continuación na táboa comparativa.

Uso do comercio electrónico con fins privados ou para o fogar nos últimos 12 meses, por tipo de produto (2018)


| | España | Galicia |
|--|------------|---------|
| Total de persoas que mercaron por Internet nos últimos 12 meses | 18.463.175 | 931.107 |
| Produtos de alimentación e outros de consumo non duradeiros | 19,4 | 14,9 |
| Bens para o fogar (de tipo duradeiro) | 39,6 | 47,9 |
| Medicamentos | 3,8 | 3,1 |
| Películas, música | 14,0 | 15,5 |
| Libros, revistas, xornais (inclúe libros electrónicos) | 24,7 | 29,2 |
| Material formativo <i>online</i> | 11,0 | 13,5 |
| Material deportivo, roupa | 56,5 | 63,5 |
| Xogos de ordenador ou videoconsolas e as súas actualizacións | 15,2 | 19,1 |
| Outro <i>software</i> de ordenador e as súas actualizacións | 13,1 | 12,2 |
| Equipo informático (ordenadores e accesorios) | 20,9 | 22,9 |
| Equipamento electrónico (p. ex. cámaras fotográficas) | 19,0 | 24,3 |
| Servizos de telecomunicacións (p. ex., contratos de banda larga, liñas telefónicas ou TV, recarga de tarxetas prepago, etc.) | 15,5 | 19,8 |
| Aloxamento de vacacións (hotel, apartamento, etc.) | 54,7 | 53,1 |
| Outros servizos para viaxes (billetes de transporte público, alugamento de coches, etc.) | 45,6 | 44,3 |
| Entradas para espectáculos (cine, teatros, concertos...) | 48,1 | 47,9 |
| Outros produtos ou servizos | 30,1 | 32,1 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares



As e os usuarios de Internet que realizaron máis actividades de aprendizaxe de coñecementos informáticos en 2018 foron os residentes nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla (36,3% e 32,8% respectivamente), seguidos dos da Comunidade de Madrid, Canarias e Comunidade Valenciana. Os usuarios galegos ocupan a sétima posición, 1,3 puntos porcentuais por riba da media estatal, situada nun 24,6%. A seguinte gráfica amosa esta información en comparativa autonómica.

Usuarios de Internet que realizaron actividades de aprendizaxe de coñecementos informáticos por CC.AA. (2018)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Ademais das actividades de aprendizaxe de coñecementos informáticos, a formación *online* ou autoestudo gratuito e a formación no traballo por compañeiros ou supervisores son os outros dous tipos de accións máis recorridas polos usuarios de Internet, tanto en Galicia coma no conxunto de España. A seguinte táboa dá conta das preferencias deste tipo de aprendizaxe en Galicia e no total do Estado.

Porcentaxe de usuarios de Internet que realizaron actividades de aprendizaxe de coñecementos informáticos, segundo tipo de actividade (2018)

| | España | Galicia |
|---|------------|-----------|
| Total usuarios de Internet | 29.999.865 | 1.622.309 |
| Persoas que realizaron actividades de aprendizaxe nos últimos 12 meses | 24,6 | 25,9 |
| Formación <i>online</i> ou autoestudo gratuito | 14,1 | 13,5 |
| Formación pagada polo propio usuario | 6,1 | 7,3 |
| Formación gratuita proporcionada por programas ou servizos públicos distintos ao seu empregador | 8,4 | 7,3 |
| Formación pagada ou proporcionada polo seu empregador | 7,3 | 8,5 |
| Formación no traballo (por compañeiros ou supervisores) | 10,4 | 9,9 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Un 2,7% dos usuarios de Internet en Galicia obtiveron algún tipo de traballo remunerado a través dalgunha páxina web ou aplicación (sen contar as que corresponden ás das axencias de emprego) e para o 1,8% este traballo constituíu a súa fonte de ingresos principal. Se se comparan os datos de todas comunidades autónomas, encabezan esta listaxe Melilla, cun 7%, e Cataluña e Madrid, ambas as dúas cun 5,2%. A media estatal sitúase no 3,6%, 0,9 puntos porcentuais por riba da comunidade galega. A táboa que vai a continuación expón polo miúdo o comportamento das e dos internautas por comunidades autónomas.

Porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos 12 meses por comunidade autónoma que obtiveron algún traballo remunerado nese período a través dalgunha páxina web ou app (excluídas as das axencias de emprego) (2018)

| | Total de usuarios de Internet nos últimos 12 meses | Persoas que obtiveron algún tipo de traballo remunerado | Os ingresos por ese traballo foron a fonte principal de ingresos | Os ingresos por ese traballo foron unha fonte adicional de ingresos |
|------------------|--|---|--|---|
| España | 29.999.865 | 3,6 | 2,7 | 0,9 |
| Andalucía | 5.355.865 | 2,4 | 1,7 | 0,7 |
| Aragón | 859.515 | 3,0 | 1,8 | 1,2 |
| P. Asturias | 665.440 | 2,0 | 1,3 | 0,6 |
| I. Baleares | 808.693 | 3,4 | 3,3 | 0,1 |
| Canarias | 1.442.086 | 2,8 | 2,2 | 0,5 |
| Cantabria | 361.041 | 4,3 | 3,1 | 1,2 |
| Castela e León | 1.465.970 | 4,7 | 3,9 | 0,9 |
| Castela-A Mancha | 1.212.020 | 2,5 | 2,4 | 0,1 |
| Cataluña | 4.876.838 | 5,2 | 3,9 | 1,3 |
| C. Valenciana | 3.207.259 | 2,7 | 1,2 | 1,5 |
| Extremadura | 655.859 | 3,5 | 3,2 | 0,3 |
| Galicia | 1.622.309 | 2,7 | 1,9 | 0,8 |
| C. Madrid | 4.434.791 | 5,2 | 4,2 | 1,0 |
| R. Murcia | 935.057 | 3,9 | 3,4 | 0,5 |
| C. F. Navarra | 416.329 | 2,5 | 1,8 | 0,7 |
| País Vasco | 1.384.356 | 3,1 | 2,3 | 0,8 |
| A Rioxa | 191.363 | 2,1 | 2,1 | 0,0 |
| Ceuta | 52.405 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Melilla | 52.667 | 7,0 | 7,0 | 0,0 |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Comportamento dos internautas

Co fin de analizar o comportamento da poboación galega tanto no ámbito concreto do uso das redes sociais como doutros servizos de Internet, consultouse como fonte de información a enquisa Navegantes en la Red da Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Nesta parte recóllense os datos máis recentes correspondentes ao ano 2018.

A comunidade galega é a cuarta no conxunto do Estado que máis utiliza as redes sociais a diario. Un 81,9% dos galegos acceden todos os días, só por detrás das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e as comunidades de Extremadura e Murcia. A porcentaxe de internautas que nunca acceden a este tipo de redes en Galicia é tan só dun 5,7%. A seguinte táboa mostra información en comparativa autonómica sobre a frecuencia do uso das redes sociais.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Porcentaxe de persoas que acceden a unha rede social de Internet, segundo frecuencia e comunidade autónoma (2018)

| | Onte | Últimos 7 días | Últimos 30 días | Último ano | Hai máis tempo/Nunca |
|------------------|------|----------------|-----------------|------------|----------------------|
| España | 80,1 | 8,1 | 3,3 | 2,1 | 6,5 |
| Andalucía | 80,5 | 7,8 | 3,3 | 2,2 | 6,1 |
| Aragón | 79,9 | 8,2 | 3,5 | 2,1 | 6,2 |
| P. Asturias | 78,8 | 7,5 | 4,1 | 2,9 | 6,7 |
| I. Baleares | 77,8 | 6,5 | 4,0 | 1,5 | 10,2 |
| Canarias | 80,6 | 7,7 | 2,7 | 1,8 | 7,1 |
| Cantabria | 81,1 | 8,7 | 2,0 | 1,0 | 7,1 |
| Castela e León | 79,2 | 9,8 | 3,5 | 1,6 | 5,8 |
| Castela-A Mancha | 78,5 | 9,7 | 3,8 | 2,3 | 5,7 |
| Cataluña | 81,6 | 8,0 | 2,7 | 1,9 | 5,7 |
| C. Valenciana | 80,7 | 8,0 | 2,8 | 2,1 | 6,4 |
| Estremadura | 85,6 | 5,0 | 2,5 | 2,2 | 4,7 |
| Galicia | 81,9 | 7,4 | 3,0 | 2,0 | 5,7 |
| C. Madrid | 77,8 | 8,6 | 3,6 | 2,3 | 7,8 |
| R. Murcia | 84,1 | 6,7 | 2,9 | 1,2 | 5,2 |
| C. F. Navarra | 79,2 | 7,5 | 3,8 | 2,0 | 7,5 |
| País Vasco | 78,5 | 8,5 | 3,7 | 2,7 | 6,3 |
| A Rioxa | 80,2 | 6,3 | 3,1 | 3,1 | 6,3 |
| Ceuta e Melilla | 85,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 14,3 |
| Ns/Nc | 76,5 | 5,9 | 8,8 | 0,0 | 8,8 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

O predominio do uso da rede social Facebook é absoluto, tanto en Galicia (81,4%) coma no conxunto de España (80%). Xa a moita distancia, Instagram amósase como a segunda opción, seguido de Twitter e LinkedIn. Na seguinte táboa móstrase unha comparativa do uso das diferentes redes sociais. As preferencias no uso das redes sociais son coincidentes cando se comparan os datos entre Galicia e o total do Estado.

Porcentaxe das redes sociais máis utilizadas (2018)


| | Galicia | | España |
|---------------------|---------|---------------------|--------|
| Facebook | 81,4 | Facebook | 80,0 |
| Instagram | 55,3 | Instagram | 49,9 |
| Twitter | 47,3 | Twitter | 42,1 |
| LinkedIn | 25,2 | LinkedIn | 28,6 |
| Pinterest | 16,3 | Google+/Google plus | 15,5 |
| Google+/Google plus | 14,3 | Pinterest | 13,9 |
| Snapchat | 4,6 | Snapchat | 4,8 |
| Outras | 4,6 | Outras | 4,1 |
| Tumblr | 4,4 | Tumblr | 3,3 |
| ChatHispano / IRC | | ChatHispano / IRC | |
| Hispano | 3,5 | Hispano | 3,0 |
| Flickr | 2,7 | Flickr | 2,9 |
| Badoo | 2,2 | Badoo | 2,6 |
| FourSquare | 1,0 | FourSquare | 0,6 |
| Xing | 0,4 | Xing | 0,6 |
| Hi5 | 0,0 | Hi5 | 0,3 |
| NS/NC | 0,7 | NS/NC | 1,3 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red.



A seguinte gráfica amosa a comparativa do tipo de seguimento que se fai nas redes sociais por parte das e dos internautas galegos e do conxunto de España. Como se pode apreciar, o comportamento é similar. O que máis seguen os internautas nas redes sociais son programas de televisión, medios de comunicación e xente coñecida.

Seguimento nas redes sociais (2018)



Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Un 75,3% dos navegantes en Galicia utilizan as redes como un instrumento máis de comunicación coas súas súas amizades e máis dun 64% recorren ás redes para estar informados sobre a actualidade, o que supón uns 7,1 puntos porcentuais por riba da media española.

Os contidos que se soben con máis frecuencia á rede son fotos, comentarios, opinións ou outros textos, tanto en Galicia coma no resto das comunidades autónomas, aínda que se percibe nos últimos anos un certo descenso na publicación de fotografías en favor da de textos. A seguinte táboa dá conta desta evolución en comparativa coa media estatal.

Evolución da porcentaxe de persoas que subiron contidos á web por motivos persoais¹

| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | |
|---------|--|------|------|------|------|------|------|
| Galicia | Fotos | 35,6 | 38,4 | 41,6 | 42,7 | 42,3 | 45,1 |
| | Vídeos | 8,0 | 8,5 | 10,6 | 11,4 | 13,1 | 14,5 |
| | Comentarios, opinións ou outros textos | 38,8 | 42,4 | 46,3 | 49,5 | 45,7 | 44,7 |
| | Música | 6,5 | 8,8 | 7,5 | 7,2 | 5,8 | 6,6 |
| España | Fotos | 37,3 | 41,1 | 41,5 | 41,9 | 39,7 | 41,9 |
| | Vídeos | 9,7 | 11,1 | 11,2 | 11,4 | 13,0 | 14,8 |
| | Comentarios, opinións ou outros textos | 39,3 | 41,2 | 43 | 45,2 | 41,8 | 40,2 |
| | Música | 6,8 | 9,9 | 6,2 | 6,7 | 5,9 | 5,9 |


Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Un 46,8% dos internautas galegos non accederon a ningunha clase de blog. O 30% accedeu a blogs relacionados coa súa profesión ou estudos e o 32,1% a blogs de calquera outro tipo. No conxunto de España as visitas a blogs son lixeiramente inferiores, como se pode comprobar no seguinte gráfico.

¹ A partir de 2018 non se ofrece este dato




Porcentaxe de persoas que accederon a algún tipo de blog durante os últimos 30 días (2018)



Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Ao observar a evolución dos datos de Galicia en comparativa coa media estatal, nos últimos anos de estudo conséctase que o acceso a algún tipo de blog, sexa relacionado coa profesión, estudos ou doutro tipo, descendeu na comunidade galega e no conxunto do Estado. Na seguinte táboa detállanse estes datos.

Evolución da porcentaxe de persoas que accederon a algún tipo de blog durante os últimos 30 días en Galicia



Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Google é a páxina web máis consultada polos internautas galegos e encabeza a porcentaxe de últimas visitas tanto en Galicia (28,7%) coma no conxunto do Estado (28,1%). A segunda con maior índice de acceso na comunidade galega é La Voz de Galicia, cun 18,1%, seguida de Facebook, que se achega ao 18%. Dentro das vinte páxinas máis visitadas, ademais das tres xa mencionadas, atópanse Youtube, Amazon, Marca e El Pais e páxinas galegas como Faro de Vigo, Meteogalicia e Xunta de Galicia.



DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

As vinte páxinas web máis visitadas polos internautas (2018)

| | Galicia | | España |
|--------------------------|---------|--------------------------|--------|
| www.google.es | 28,7 | www.google.es | 28,3 |
| www.lavozdeg Galicia.es | 18,1 | www.facebook.com | 17,2 |
| www.facebook.com | 17,9 | www.amazon.es | 14,6 |
| www.youtube.com | 16,6 | www.youtube.com | 13,3 |
| www.amazon.es | 14,5 | www.elpais.com | 11,5 |
| www.marca.com | 13,1 | www.marca.com | 11,1 |
| www.elpais.com | 10,1 | www.elmundo.es | 9,6 |
| www.live.com | 7,2 | www.loteriasyapuestas.es | 8,2 |
| www.twitter.com | 6,8 | www.live.com | 7,5 |
| www.loteriasyapuestas.es | 6,3 | www.twitter.com | 5,8 |
| www.farodevigo.es | 5,9 | www.as.com | 5,6 |
| www.elmundo.es | 5,5 | www.instagram.com | 3,5 |
| www.wikipedia.org | 4,8 | www.wikipedia.org | 3,3 |
| www.as.com | 4,7 | www.yahoo.es | 3,1 |
| www.instagram.com | 4,4 | www.eltiempo.es | 3,0 |
| www.meteogalicia.gal | 4,0 | www.elcoriteingles.es | 2,9 |
| www.eldiario.es | 3,8 | www.aemet.es | 2,9 |
| www.xunta.gal | 3,5 | www.eldiario.es | 2,8 |
| www.yahoo.es | 3,3 | www.ebay.es | 2,7 |
| www.xataka.com | 2,9 | www.abc.es | 2,6 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Se se analiza a frecuencia no acceso a Internet desde distintos lugares, en Galicia, tal e como se observa na seguinte táboa, máis do 98% dos internautas galegos declaran que se conectaron o día anterior ('onte'); destes un 95% fíxoo desde a casa e un 49,1% dende o lugar de traballo.

Frecuencia de acceso a Internet segundo lugar de acceso en Galicia (2018)

| | Onte | Últimos 7 días | Último mes | Último ano | Máis tempo | Nunca |
|--|------|----------------|------------|------------|------------|-------|
| Total | 98,1 | 1,7 | 0,1 | 0,0 | 0,1 | 0,0 |
| Desde a casa | 95,0 | 3,5 | 0,7 | 0,3 | 0,3 | 0,2 |
| Desde o traballo | 49,1 | 15,7 | 3,9 | 3,3 | 5,3 | 22,7 |
| Desde a universidade/centro de estudos | 13,4 | 4,9 | 2,1 | 4,4 | 29,1 | 45,9 |
| Desde a casa de familiares ou amigos | 14,4 | 25,3 | 19,8 | 9,3 | 10,3 | 20,8 |
| Desde un local público (restaurante, cafetería, aeroporto, etc.) | 22,6 | 26,4 | 17,1 | 9,5 | 9,1 | 15,1 |
| Desde a rúa ou algún medio de transporte | 38,6 | 18,6 | 9,0 | 5,6 | 9,0 | 19,3 |
| Desde outro sitio | 22,3 | 14,3 | 8,8 | 8,1 | 13,8 | 32,7 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

WhatsApp segue a ser o servizo de mensaxaría preferido pola poboación galega, cun 95,1% de usuarios. O seguinte é Facebook Messenger/Chat, que reduciu a súa cota en 13,7 puntos porcentuais en 2018. O uso de Skype baixou considerablemente desde 2016, pois pasou dun 36,6% a un 24,3% en 2018. O servizo Telegram, creado en 2013, irrompe con forza e sitúase en 2015 como o cuarto servizo de mensaxaría máis utilizado, concretamente por un 24,6% dos usuarios e usuarias en Galicia, aínda que descendeu

lixeramente nos últimos dous anos de estudo. A seguinte táboa mostra a evolución deste servizo en Galicia entre 2013-2018.

Evolución da porcentaxe do uso dos servizos de mensaxaría máis utilizados en Galicia

| Servizo de mensaxaría | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|----------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| WhatsApp | 85,6 | 92,4 | 92,8 | 95,8 | 95,6 | 95,1 |
| Facebook Messenger/Facebook Chat | 54,8 | 55,2 | 54,5 | 54,2 | 54,0 | 41,7 |
| Telegram | - | - | 24,6 | 30,0 | 29,8 | 29,3 |
| Skype | 34,3 | 36,0 | 36,6 | 36,6 | 26,2 | 24,3 |
| Google Talk / Hangouts | 21,9 | 22,0 | 20,9 | 20,9 | 12,5 | 11,1 |
| Line | 30,8 | 23,3 | 12,4 | 8,2 | 5,9 | 4,0 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Se se comparan os datos de Galicia coa media estatal, os servizos máis utilizados ocupan unha posición semellante, salvo algunha excepción como Telegram, por exemplo, cuxo uso en Galicia está 6 puntos porcentuais por riba do conxunto nacional.

Servizos de mensaxaría máis utilizados (2018)

| | Galicia | España |
|----------------------------------|---------|--------|
| WhatsApp | 95,1 | 94,9 |
| Facebook Messenger/Facebook chat | 41,7 | 43,6 |
| Telegram | 29,3 | 23,4 |
| Skype | 24,3 | 24,1 |
| Instagram Direct | 20,1 | 16,8 |
| Hangouts | 11,1 | 10,3 |
| Line | 4,0 | 3,2 |
| Outros | 3,9 | 3,1 |
| Snapchat | 2,2 | 3,4 |
| Non utilizo | 1,2 | 2,0 |
| Pidgin | 0,8 | 0,7 |
| BlackBerry Messenger (BBM) | 0,5 | 0,7 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Na primeira parte deste capítulo xa se abordaron os servizos máis utilizados polos internautas mediante a utilización das TIC (a partir dos datos da enquisa sobre equipamentos e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares elaborada polo Instituto Nacional de Estadística). A AIMC, a través da enquisa Navegantes en la Red, subministra información ampla sobre todas as actividades de preferencia dos usuarios de Internet. Como se mostra na táboa, tanto en Galicia coma no total de España, as catro principais son: ler noticias de actualidade, visualizar vídeos *online*, consultar previsións meteorolóxicas e mapas e escoitar música.

Porcentaxe de actividades realizadas a través de Internet nos últimos 30 días (2018)

| | Galicia | España |
|---|---------|--------|
| Lectura de noticias de actualidade | 85,4 | 83,8 |
| Visualización <i>online</i> de vídeos (tipo YouTube) | 83,8 | 78,3 |
| Consulta de previsións meteorolóxicas | 82,8 | 79,0 |
| Consulta de mapas/rueiros | 74,2 | 74,4 |
| Escoitar música <i>online</i> (sen descargar) | 63,5 | 60,0 |
| Visualización de películas/series <i>online</i> (sen descargar) | 50,5 | 45,9 |



DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | |
|---|------|------|
| Uso de plataformas de películas/series (Netflix...) | 47,7 | 45,0 |
| Xestións coa Administración | 47,4 | 43,3 |
| Consulta de videotutoriais | 44,9 | 39,9 |
| Consulta carteleiras de cine/espectáculos | 43,8 | 43,6 |
| Busca de información sobre temas de saúde | 38,2 | 37,5 |
| Visualización en diferido de emisións de cadeas de TV | 35,6 | 34,0 |
| Consulta de información financeira | 34,2 | 35,0 |
| Realización de enquisas | 32,8 | 33,3 |
| Descarga de <i>software</i> | 28,6 | 25,2 |
| Busca de cursos, másters, formación | 28,5 | 27,9 |
| Visitas a páxinas web para 'adultos' | 28,4 | 25,9 |
| Apostas (deportivas, casinos, lotarías...) | 28,0 | 34,4 |
| Visualización en directo de cadeas de TV na súa web/app | 27,5 | 27,7 |
| Xogos en rede | 24,2 | 22,5 |
| “Sinatura” de peticións para reivindicar algo | 23,8 | 25,9 |
| Oír en directo cadea de radio na súa web/app | 23,6 | 27,8 |
| Busca de emprego | 23,0 | 22,0 |
| Oír podcast de radio á carta | 22,6 | 21,7 |
| Recibir información/noticias con RSS | 22,5 | 18,1 |
| Descarga de películas/series/documentais | 22,3 | 21,5 |
| Videochamada/Videoconferencia | 22,0 | 20,9 |
| Descarga de libros electrónicos | 18,5 | 16,8 |
| Opinar sobre temas económicos/políticos... | 17,9 | 16,4 |
| Busca de vivenda (compra, alugamento...) | 17,7 | 20,2 |
| Descarga de música | 16,8 | 15,3 |
| Consulta de información sobre tráfico | 15,3 | 24,2 |
| Control remoto doutros equipos informáticos | 12,4 | 13,2 |
| Adquisición de cupóns de desconto | 7,6 | 11,5 |
| Busca de parella/Citas | 5,1 | 5,7 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Hai determinados contidos dixitais en Internet aos que os/as internautas poden acceder ou ou de forma gratuíta, ou pagando unha cota ou das dúas formas. Estes contidos son fundamentalmente xornais dixitais, xogos en rede, música e materiais audiovisuais como películas ou series. Na seguinte táboa ofrécense datos sobre a porcentaxe de internautas que realizaron estas actividades en Galicia e no conxunto de España en 2018, segundo a forma de acceso. Así, obsérvase que a actividade gratuíta máis común, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, é a lectura de noticias de actualidade (87% e 85,6% respectivamente). En canto ás actividades de pago, a máis habitual é a de ver películas ou series *online* sen descargar. Neste caso, Galicia supera a media de España en 2,1 puntos porcentuais.

Actividades que realizou en Internet nos últimos 30 días segundo forma de acceso (de pago ou gratuíta) (2018)

| | Galicia | | | España | | |
|------------------------------------|----------|---------|-----------------|----------|---------|-----------------|
| | Gratuíta | De pago | Ambas as formas | Gratuíta | De pago | Ambas as formas |
| Lectura de noticias de actualidade | 87 | 1,5 | 3,7 | 85,8 | 1,4 | 4,2 |
| Xogos en rede | 71,4 | 13,9 | 14,6 | 72,6 | 13,8 | 13,4 |




CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

| | | | | | | |
|--|------|------|------|------|------|------|
| Descarga de música | 80,9 | 11,3 | 7,8 | 81,7 | 10,2 | 7,8 |
| Escoitar música <i>online</i> | 71,3 | 13,4 | 6,9 | 69,2 | 13,4 | 5,5 |
| Descarga de películas/series/documentais | 79 | 8,9 | 12,2 | 79,2 | 8,9 | 11,6 |
| Ver películas/series <i>online</i> (sen descargar) | 45,1 | 37,9 | 16,8 | 47,2 | 35,8 | 16,7 |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Un 38,4% das e dos navegantes en Galicia segue a algún *videoblogger* ou *youtuber*, ou ben habitualmente ou ben con carácter ocasional, unha porcentaxe moi similar á da media estatal (37,5%), como se pode ver na seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas que segue a algún *videoblogger* ou *youtuber* (2018)



Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. Navegantes en la Red

Estatística da sociedade da información e a comunicación nos centros educativos

Nesta parte preséntanse os datos das principais series históricas correspondentes a esta estatística, que inclúe información sobre a conexión a Internet dos centros educativos e os ordenadores existentes neles. Os primeiros indicadores que se van analizar están relacionados coa cantidade de alumnado e profesorado que hai por cada ordenador.

Na seguinte táboa obsérvase a evolución do número medio de alumnos por ordenador no conxunto de España e en todas as comunidades autónomas entre os cursos 2011-2012 e 2016-2017. Cómpre salientar, en primeiro lugar, que no conxunto de España, nos últimos tres cursos, a ratio mantense estable en 3 alumnos por ordenador, logo de descender lixeiramente con respecto aos dous cursos anteriores. Os datos correspondentes a Galicia son mellores xa que a cifra da ratio diminuíu de 3,1 alumnos por ordenador no curso 2011-2012 ata 2,3 no curso 2016-2017.

Evolución do número medio de alumnos/-as por ordenador destinado a tarefas de ensinanza e aprendizaxe

| | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 | 2016-2017 |
|-------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| España | 3,2 | 3,1 | 3,0 | 3,0 | 3,0 |
| Andalucía | 1,7 | 1,9 | 2,1 | 2,3 | 2,8 |
| Aragón | 2,9 | 2,6 | 2,6 | 2,5 | 2,5 |
| P. Asturias | 2,7 | 2,5 | 2,4 | 2,4 | 2,3 |



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | | | | |
|------------------|-----|-----|-----|-----|-----|
| I. Baleares | 2,0 | 1,9 | 2,0 | 2,0 | 2,0 |
| Canarias | 4,2 | 3,7 | 3,8 | 3,8 | 3,2 |
| Cantabria | 3,5 | 3,1 | 3,0 | 2,8 | 2,6 |
| Castela e León | 3,6 | 3,5 | 3,6 | 3,5 | 3,3 |
| Castela-A Mancha | 2,6 | 2,4 | 2,4 | 2,5 | 2,6 |
| Cataluña | 4,0 | 3,9 | 3,8 | 3,7 | 3,4 |
| C. Valenciana | 5,7 | 5,5 | 5,3 | 5,0 | 4,3 |
| Estremadura | 1,8 | 1,8 | 1,8 | 1,6 | 1,6 |
| Galicia | 3,1 | 2,7 | 2,5 | 2,5 | 2,3 |
| C. Madrid | 6,3 | 5,9 | 5,5 | 5,2 | 4,5 |
| R. Murcia | 6,0 | 5,9 | 5,9 | 5,6 | 4,6 |
| C. F. Navarra | 5,0 | 4,8 | 4,6 | 4,4 | 3,7 |
| País Vasco | 2,0 | 1,7 | 1,7 | 1,7 | 1,6 |
| A Rioxa | 3,1 | 3,0 | 3,0 | 2,9 | 2,8 |
| Ceuta | 2,9 | 2,8 | 2,5 | 2,5 | 2,6 |
| Melilla | 3,6 | 3,0 | 2,7 | 2,9 | 2,8 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Se se ten en conta a titularidade dos centros, tanto en Galicia coma no conxunto de España a ratio de alumnos/ordenador é inferior nos centros públicos que nos privados. No curso 2016-2017 a media estatal de alumnos/ordenador nos centros públicos é de 2,8, mentres que nos privados é de 3,6 alumnos. Con respecto á comunidade galega, os resultados son mellores xa que tanto nos centros públicos coma nos privados a ratio é inferior á do conxunto do Estado (2,1 e 3,1 alumnos/ordenador respectivamente) e ademais obsérvase unha tendencia moi positiva.

Evolución do índice de alumnos por ordenador, segundo titularidade do centro educativo


| | 2011-2012 | | 2012-2013 | | 2013-2014 | | 2014-2015 | | 2016-2017 | |
|-------------------------|-----------|---------|-----------|---------|-----------|---------|-----------|---------|-----------|---------|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| <i>Todos os centros</i> | 3,2 | 3,1 | 3,1 | 2,7 | 3,0 | 2,5 | 3,0 | 2,5 | 3,0 | 2,3 |
| <i>Centros públicos</i> | 2,8 | 2,8 | 2,8 | 2,5 | 2,7 | 2,3 | 2,8 | 2,3 | 2,8 | 2,1 |
| De educación primaria | 2,8 | 3,2 | 2,9 | 2,7 | 3,0 | 2,5 | 3,0 | 2,5 | 2,9 | 2,3 |
| De educación secundaria | 2,8 | 2,5 | 2,7 | 2,3 | 2,6 | 2,1 | 2,6 | 2,1 | 2,7 | 1,9 |
| <i>Centros privados</i> | 4,5 | 4,1 | 4,2 | 3,7 | 4,0 | 3,4 | 3,9 | 3,4 | 3,6 | 3,1 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Por comunidades autónomas, pódese ver no seguinte mapa que Galicia xunto co País Vasco e Estremadura son as comunidades autónomas con menor índice de alumnos por ordenador nos centros públicos, mentres que a Comunidade de Madrid ten o índice máis alto, concretamente 5 alumnos/-as por ordenador. No total de centros, Galicia ocupa o cuarto posto xunto con Asturias na ratio máis baixa de alumnos/-as por ordenador (2,3), despois de Estremadura e o País Vasco (1,6) e Baleares (2,0).

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Número medio de alumnos/-as por ordenador destinado a tarefas de ensino/aprendizaxe en centros públicos (curso 2016-2017)



Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Na seguinte táboa faise un resumo comparativo entre o conxunto do Estado e Galicia do último curso do que se dispón de datos (2016-2017), que abrangue os principais indicadores das TIC nos centros educativos non universitarios por titularidade.

Principais indicadores das TIC nos centros educativos non universitarios en Galicia por titularidade do centro (curso 2016-2017)

| | Total | Centros públicos | | Centros privados | | |
|---|---|------------------|--------------------|----------------------|-----|-----|
| | | Total | Educación primaria | Educación secundaria | | |
| Galicia | | | | | | |
| | Destinado a tarefas de ensino e aprendizaxe | 2,3 | 2,1 | 2,3 | 1,9 | 3,1 |
| Nº medio de alumnos por ordenador | Destinado preferentemente á docencia con alumnos | 2,6 | 2,4 | 2,7 | 2,2 | 3,5 |
| | Con acceso a Internet destinado preferentemente á docencia con alumnos | 2,7 | 2,5 | 2,7 | 2,3 | 2,6 |
| Nº medio de ordenadores por unidade/grupo (1) | | 7,6 | 8,0 | 6,9 | 8,9 | 6,3 |
| | Nº medio de profesores por ordenador destinado a tarefas propias do profesorado | 2,2 | 2,1 | 2,6 | 1,8 | 2,6 |
| España | | | | | | |
| | Destinado a tarefas de ensino e aprendizaxe | 3,0 | 2,8 | 2,9 | 2,7 | 3,6 |
| Nº medio de alumnos por ordenador | Destinado preferentemente á docencia con alumnos | 3,6 | 3,3 | 3,5 | 3,2 | 4,2 |
| | Con acceso a | 3,8 | 3,5 | 3,8 | 3,3 | 4,5 |



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | Internet destinado preferentemente á docencia con alumnos | | | | |
|---|---|-----|-----|-----|-----|
| Nº medio de ordenadores por unidade/grupo (1) | 6,4 | 6,6 | 5,9 | 7,3 | 5,9 |
| Nº medio de profesores por ordenador destinado a tarefas propias do profesorado | 1,9 | 1,8 | 2,0 | 1,7 | 2,1 |

(1) Ordenadores destinados preferentemente á docencia co alumnado.

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Os datos relacionados co número medio de alumnos por ordenador destinados a tarefas de ensino e aprendizaxe mostran que en Galicia, tanto nos centros públicos coma nos privados, a ratio de alumnos por ordenador é mais baixa e este dato é especialmente relevante nos centros públicos de ensinanza secundaria, xa que en Galicia o índice é de 1,9 alumnos/ordenador, mentres que no conxunto do Estado é de 2,7.

No indicador que fai referencia ao número medio de alumnos por ordenador destinado preferentemente á docencia, Galicia está un punto por debaixo do conxunto do Estado, onde se acada en todos os tipos de centros os 3,6 alumnos por ordenador e, no caso dos centros privados, máis de 4 alumnos por ordenador.

O mesmo acontece co número de ordenadores con acceso a Internet. En Galicia case non existen diferenzas entre centros públicos (2,5 alumnos/ordenador) e centros privados (2,6). Porén no conxunto do Estado si existe unha diferenza importante, xa que nos centros públicos a media de alumnos por ordenador con acceso a Internet é de 3,5, mentres que nos centros privados é de 4,5, cunha media xeral de 3,8.

Por outra banda, o número medio de ordenadores por unidade/grupo² é de 7,6 en Galicia e 6,4 no total de España. Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado esta cifra nos centros públicos é superior á dos privados e, sobre todo, nos centros de educación secundaria xa que na comunidade galega a media é de 8,9 ordenadores por unidade/grupo, mentres que no conxunto do Estado é de 7,3.

Finalmente, se se consideran os ordenadores destinados preferentemente ás tarefas propias do profesorado, o indicador do número medio de profesores por ordenador sitúa a Galicia en peor posición ca o conxunto de España, dado que que na comunidade galega hai unha ratio de 2,2 profesores/ordenador, mentres que no conxunto estatal é de 1,9.

Outro apartado importante desta estatística refírese á conexión a Internet dos centros. Neste sentido, pódese dicir que se atopan conectados practicamente a totalidade dos centros en toda España. Ademais, tal como se pode apreciar na seguinte táboa, a porcentaxe de aulas con Internet supera o 90% en todas as comunidades, agás en Aragón e Canarias. Galicia supera en 1,2 puntos a media estatal, cunha taxa do 95,8%. Esta diferenza acentúase máis cando se trata de centros públicos, un 94,3% no conxunto do Estado e un 96,4% en Galicia. Ademais, nos centros de educación secundaria e FP, a

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

² Segundo a metodoloxía das estatísticas da educación non universitaria, considérase como un grupo/unidade os estudantes que teñen o mesmo titor e que participan en gran parte da súa programación de clases, aínda que durante outra parte da programación poden ser separados para a realización de materias opcionais ou por outras causas. Esta variable recóllese só para as ensinanzas do Réxime Xeral. O termo unidade úsase para as ensinanzas de E. infantil, E. primaria e E. especial e grupo utilízase para as ensinanzas de E. secundaria e Formación profesional.

comunidade galega sitúase 2,5 puntos por riba da media estatal e pasa a ocupar o cuarto lugar cun 98,3%, despois de Ceuta (100%), A Rioxa (98,8%) e Melilla e Murcia (98,6%). Con relación aos centros privados, a porcentaxe galega de aulas habituais con conexión a Internet é 3 puntos porcentuais inferior á dos centros públicos, mentres que no conxunto do Estado é 1,2 puntos porcentuais superior.

Porcentaxe de aulas habituais de clase con conexión a Internet por comunidade autónoma e tipo de centro (curso 2016-2017)

| | Total centros | Centros públicos | | Centros privados | |
|------------------|---------------|------------------|--------------------|------------------|---------------------------|
| | | Total | Educación primaria | | Educación secundaria e FP |
| Total España | 94,6 | 94,3 | 93,2 | 95,8 | 95,5 |
| Andalucía | 92,1 | 91,2 | 88,7 | 95,5 | 95,5 |
| Aragón | 88,3 | 85,6 | 78,8 | 97,9 | 97,1 |
| P. Asturias | 93,2 | 91,8 | 89,4 | 94,7 | 98,0 |
| I. Baleares | 96,7 | 96,1 | 96,5 | 95,6 | 98,1 |
| Canarias | 89,1 | 88,8 | 83,8 | 95,6 | 90,3 |
| Cantabria | 97,1 | 97,2 | 97,2 | 97,2 | 96,8 |
| Castela e León | 93,1 | 92,7 | 95,3 | 89,3 | 94,2 |
| Castela-A Mancha | 95,3 | 95,0 | 96,9 | 92,5 | 97,0 |
| Cataluña | 96,5 | 96,9 | 97,1 | 96,5 | 95,7 |
| C. Valenciana | - | - | - | - | - |
| Extremadura | 96,5 | 96,6 | 95,6 | 98,0 | 95,8 |
| Galicia | 95,8 | 96,4 | 95,0 | 98,3 | 93,4 |
| C. Madrid | 95,8 | 96,1 | 95,6 | 96,7 | 95,4 |
| R. Murcia | 98,5 | 98,7 | 98,7 | 98,6 | 97,9 |
| C. F. Navarra | 95,5 | 94,4 | 95,3 | 92,8 | 98,4 |
| País Vasco | - | - | - | - | - |
| A Rioxa | 98,9 | 99,2 | 99,4 | 98,8 | 97,9 |
| Ceuta | 99,2 | 99,0 | 98,3 | 100,0 | 100,0 |
| Melilla | 94,5 | 99,5 | 100,0 | 98,6 | 58,4 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos



**Distribución porcentual de ordenadores por comunidade autónoma e tipo de ordenador
(curso 2016-2017)**

DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | Ordenadores de sobremesa | Total | Dispositivos móbiles | |
|--------------------|--------------------------|-------|------------------------|-----------|
| | | | Ordenadores portátiles | Tablet PC |
| España | 51,5 | 48,5 | 41,0 | 7,5 |
| Andalucía | 43,4 | 56,6 | 50,5 | 6,1 |
| Aragón | 45,0 | 55,0 | 37,6 | 17,4 |
| P. Asturias | 45,9 | 54,0 | 47,2 | 6,8 |
| I. Baleares | 30,8 | 69,1 | 64,5 | 4,6 |
| Canarias | 50,8 | 49,2 | 42,5 | 6,7 |
| Cantabria | 54,0 | 45,9 | 41,6 | 4,3 |
| Castela e León | 63,0 | 37,0 | 29,3 | 7,7 |
| Castela - A Mancha | 29,4 | 70,6 | 66,0 | 4,6 |
| Cataluña | 58,5 | 41,5 | 33,8 | 7,7 |
| C. Valenciana | 77,8 | 22,2 | 16,4 | 5,8 |
| Extremadura | 43,4 | 56,6 | 46,8 | 9,8 |
| Galicia | 45,0 | 55,0 | 52,4 | 2,6 |
| C. Madrid | 64,0 | 36,0 | 19,8 | 16,2 |
| R. Murcia | 82,8 | 17,2 | 12,5 | 4,7 |
| C. F. Navarra | 71,8 | 28,3 | 22,2 | 6,1 |
| País Vasco | 34,5 | 65,5 | 60,9 | 4,6 |
| A Rioxa | 59,7 | 40,3 | 31,2 | 9,1 |
| Ceuta | 40,8 | 59,2 | 49,6 | 9,6 |
| Melilla | 37,3 | 62,7 | 53,9 | 8,8 |


Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Na seguinte gráfica pódese constatar ese uso cada vez maior dos ordenadores portátiles nos centros educativos de Galicia, que aumentou en case todos os cursos escolares agás no último. No conxunto do Estado a utilización de portátiles segue a mesma evolución ca en Galicia, pero a media estatal mantense arredor do 41% mentres que en Galicia supera o 52%.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Evolución do uso dos ordenadores portátiles



Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Na seguinte táboa compáranse os datos sobre o uso dos distintos tipos de ordenadores e o lugar onde están situados nos centros educativos segundo a titularidade dos centros. Pódese observar que os ordenadores de sobremesa se empregan en maior medida nos centros públicos de educación secundaria tanto en Galicia (51%) coma no conxunto de España (59,5%).

En canto aos dispositivos móbiles, como ordenadores portátiles e Tablets PC, aprécianse diferenzas no seu uso tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Na comunidade galega o uso de portátiles acadada maiores proporcións nos centros públicos de educación primaria. Nos privados hai unha maior proporción de Tablet PC (7,1%, fronte a 1,5% dos públicos).

Con respecto á localización dos ordenadores, en Galicia máis do 62% dos ordenadores sitúanse nas aulas de clase, índice que crece nos centros privados (64,3%), mentres que no conxunto de España non chegan ao 50%, só nos centros públicos de educación primaria acadan un 54,5%.

Distribución porcentual dos ordenadores por tipo de ordenador e localización (curso 2016-2017)

| | Total centros | Centros públicos | | | Centros privados |
|-------------------------------------|---------------|------------------|--------------------|---------------------------|------------------|
| | | Total | Educación primaria | Educación secundaria e FP | |
| Galicia | | | | | |
| <i>Tipo de ordenador</i> | | | | | |
| Ordenadores de sobremesa | 45,0 | 46,9 | 41,2 | 51,0 | 37,2 |
| Ordenadores portátiles | 52,4 | 51,6 | 56,2 | 48,3 | 55,7 |
| Tablet PC | 2,6 | 1,5 | 2,6 | 0,6 | 7,1 |
| <i>Localización dos ordenadores</i> | | | | | |



DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | | | | |
|-------------------------------------|------|------|------|------|------|
| Aulas de informática | 19,5 | 19,1 | 19,0 | 19,1 | 21,4 |
| Aulas de clase | 62,3 | 61,9 | 60,7 | 62,7 | 64,3 |
| Outras dependencias | 14,4 | 15,5 | 16,1 | 15,1 | 10,0 |
| España | | | | | |
| <i>Tipo de ordenador</i> | | | | | |
| Ordenadores de sobremesa | 51,5 | 53,9 | 47,3 | 59,5 | 45,0 |
| Ordenadores portátiles | 41,0 | 41,4 | 44,6 | 38,6 | 40,1 |
| Tablet PC | 7,5 | 4,8 | 8,0 | 1,9 | 14,9 |
| <i>Localización dos ordenadores</i> | | | | | |
| Aulas de informática | 24,8 | 24,0 | 20,8 | 26,8 | 26,9 |
| Aulas de clase | 49,1 | 49,7 | 54,5 | 45,6 | 47,3 |
| Outras dependencias | 18,1 | 19,1 | 17,7 | 20,3 | 15,6 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Ademais dos ordenadores, os centros están dotados de Sistemas Dixitais Interactivos (SDI), entre os que se inclúen Pizarras Dixitais Interactivas (PDI), proxectores interactivos, mesas *multi-touch*, paneis interactivos, TV interactivas, etc. Na seguinte táboa inclúense datos relativos á porcentaxe de aulas habituais de clase que contan con SDI. Galicia sitúase preto da media nacional.

Porcentaxe de aulas habituais de clase dotadas de SDI por comunidade autónoma de orixe e titularidade/tipo de centro (curso 2016-2017)

| | Total centros | Total | Centros públicos | | Centros privados |
|--------------------|---------------|-------|--------------------|---------------------------|------------------|
| | | | Educación Primaria | Educación Secundaria e FP | |
| España | 66,5 | 64,2 | 70,0 | 55,7 | 73,2 |
| Andalucía | 87,3 | 86,3 | 82,6 | 92,8 | 91,9 |
| Aragón | - | - | - | - | - |
| P. Asturias | 57,7 | 53,0 | 67,8 | 35,0 | 74,9 |
| I. Baleares | 96,7 | 96,1 | 96,5 | 95,6 | 98,1 |
| Canarias | 63,9 | 62,5 | 71,7 | 50,1 | 70,1 |
| Cantabria | 98,2 | 97,5 | 96,9 | 100,0 | 100,0 |
| Castela e León | 57,2 | 51,3 | 64,0 | 33,3 | 72,8 |
| Castela - A Mancha | 53,0 | 50,1 | 64,8 | 31,3 | 70,4 |
| Cataluña | - | - | - | - | - |
| C. Valenciana | 36,7 | 39,1 | 24,7 | 65,9 | 30,9 |
| Estremadura | 79,6 | 79,4 | 79,5 | 79,4 | 80,4 |
| Galicia | 65,5 | 63,5 | 64,5 | 62,2 | 73,0 |
| C. Madrid | 67,2 | 62,5 | 79,6 | 37,3 | 73,6 |
| R. Murcia | 66,1 | 62,5 | 74,4 | 46,2 | 78,0 |
| C. F. Navarra | 46,0 | 34,6 | 44,3 | 20,6 | 74,6 |
| País Vasco | - | - | - | - | - |



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | | | | |
|---------|------|------|------|------|-------|
| A Rioxa | 53,2 | 47,1 | 59,1 | 29,2 | 68,7 |
| Ceuta | 97,8 | 97,4 | 96,7 | 98,4 | 100,0 |
| Melilla | 86,5 | 86,3 | 98,0 | 70,9 | 92,9 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Por último, pódense analizar os servizos dixitais e outros aspectos relacionados coas TIC nos centros educativos de Galicia. Na seguinte táboa resúmense os datos dos servizos dixitais de que dispoñen os centros educativos galegos.

Porcentaxe de centros con servizos dixitais por tipo de centro en Galicia (curso 2016-2017)

| | | Total centros | Total | Centros públicos Educación primaria | Educación secundaria | Centros privados |
|--------------------------------|----------|---------------|-------|---|-------------------------|------------------|
| Páxina web | | | | | | |
| Disponibilidade do servizo | | 91,6 | 91,7 | 90,1 | 95,4 | 91,2 |
| Entorno Virtual de Aprendizaxe | | | | | | |
| Disponibilidade do servizo | | 75,0 | 87,1 | 83,1 | 96,5 | 28,8 |
| Tipo de usuario | Alumnado | 99,2 | 99,8 | 99,6 | 100,0 | 93,1 |
| | Familias | 15,1 | 12,6 | 15,0 | 7,6 | 44,4 |
| Servizos na nube | | | | | | |
| Disponibilidade do servizo | | 85,5 | 98,9 | 99,9 | 96,5 | 34,4 |
| Tipo de usuario | Alumnado | 96,8 | 99,9 | 100,0 | 99,6 | 62,8 |
| | Familias | 6,4 | 3,8 | 4,0 | 3,3 | 34,9 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Practicamente a totalidade dos centros educativos da comunidade galega dispoñen de páxina web, concretamente un 91,6%, o que supón 5,1 puntos porcentuais por riba da media estatal. Deste xeito, Galicia sitúase no sétimo lugar dentro do conxunto do Estado no que respecta á dispoñibilidade deste servizo. Tanto en Galicia coma no total de España son os centros públicos de educación secundaria os que ofrecen en maior medida este servizo.

Os Entornos Virtuais de Aprendizaxe (EVA) son espazos educativos aloxados na web que posibilitan a interacción didáctica e a través dos cales o alumnado pode desenvolver accións propias do proceso de aprendizaxe como, por exemplo, a realización de exercicios, a interacción co profesorado, o traballo en equipo, etc. Cómpre salientar que Galicia está á cabeza de todas as comunidades autónomas na prestación deste servizo e supera a media estatal en máis de 34 puntos porcentuais. A maior parte destes servizos préstanos os centros públicos, cunha porcentaxe dun 87,1%, fronte ao 28,8% dos centros privados. No conxunto do Estado, en cambio, son os centros privados os que dispoñen principalmente deste servizo, un 49,1% fronte a un 37,3% dos centros públicos. A seguinte gráfica amosa a comparativa territorial.




CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Porcentaxe de centros educativos que dispoñen de Entorno Virtual de Aprendizaxe por comunidade autónoma (curso 2016-2017)



Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

A dispoñibilidade de servizos na nube, cuxa utilidade principal é o almacenamento de datos ou información accesible desde calquera lugar a través dunha conexión a Internet, acada en Galicia un 85,5% dos centros educativos, fronte ao 50,9% dos centros no conxunto do Estado. Unha vez máis, son os centros públicos os que ofrecen este servizo en case a totalidade (98,9%) fronte aos centros privados (34,4%). Como acontecía cos Entornos Virtuais de Aprendizaxe, Galicia continúa ocupando o primeiro posto de España nestes servizos.

A participación dos centros educativos en proxectos, convocatorias e experiencias relacionadas co uso das tecnoloxías educativas adquiriu especial relevancia nos últimos anos. Tal como se observa a continuación, son os centros públicos de educación secundaria e FP os que máis participan neste tipo de proxectos en practicamente todas as comunidades autónomas. Hai que salientar o dato de Galicia nos centros de educación secundaria, un 70,9% fronte ao 43% da media estatal.

Porcentaxe de centros que participa en proxectos, convocatorias ou experiencias relacionadas co uso das tecnoloxías por comunidade autónoma e tipo de centro (curso 2016-2017)

| | Total centros | Total | Centros públicos | | Centros privados |
|------------------|---------------|-------|--------------------|----------------------|------------------|
| | | | Educación primaria | Educación secundaria | |
| España | 31,5 | 30,3 | 25,5 | 43,0 | 35,2 |
| Andalucía | 18,9 | 18,8 | 12,9 | 32,8 | 19,9 |
| Aragón | 46,9 | 51,4 | 48,3 | 59,6 | 31,1 |
| P. Asturias | 37,1 | 40,3 | 38,4 | 45,6 | 25,3 |
| I. Baleares | 21,6 | 17,8 | 14,5 | 26,9 | 31,3 |
| Canarias | 38,5 | 37,7 | 33,7 | 49,3 | 42,8 |
| Cantabria | 24,6 | 22,7 | 21,1 | 26,9 | 29,9 |
| Castela e León | 60,5 | 60,1 | 57,5 | 67,5 | 61,9 |
| Castela-A Mancha | 30,0 | 27,7 | 23,3 | 40,6 | 45,2 |



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

| | | | | | |
|---------------|------|------|------|-------|------|
| Cataluña | 27,2 | 24,3 | 18,1 | 41,6 | 35,2 |
| C. Valenciana | 8,5 | 7,5 | 5,3 | 13,3 | 11,3 |
| Estremadura | 41,4 | 39,9 | 33,3 | 59,0 | 52,8 |
| Galicia | 49,6 | 50,6 | 42,1 | 70,9 | 45,6 |
| C. Madrid | 33,9 | 31,7 | 27,3 | 41,8 | 37,4 |
| R. Murcia | 36,4 | 34,8 | 27,3 | 59,1 | 41,8 |
| C. F. Navarra | 27,9 | 23,0 | 22,9 | 23,3 | 44,1 |
| País Vasco | 40,9 | 33,7 | 25,9 | 47,5 | 53,6 |
| A Rioxa | 40,2 | 33,3 | 28,3 | 45,8 | 60,7 |
| Ceuta | 58,6 | 73,9 | 64,7 | 100,0 | 0,0 |
| Melilla | 52,2 | 57,9 | 58,3 | 57,1 | 25,0 |

Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. Encuesta de Enseñanzas no Universitarias. Sociedad de la Información y la Comunicación en los centros educativos

Conclusiones*Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares galegos*

Un 74,3% dos fogares galegos conta con algún tipo de ordenador e un 82,6% dispón de acceso a Internet. En ambos os dous casos os índices sitúanse por debaixo da media estatal. O ordenador constitúe o cuarto equipamento con maior presenza nos fogares galegos, despois da televisión e dos teléfonos móbiles e fixos, mentres que no conxunto de España o ordenador xa ten maior implantación que o teléfono fixo.

No ano 2018 a compra a través de Internet experimentou en Galicia unha suba de 8,3 puntos porcentuais en relación co ano anterior. Con todo, nesta cuestión a comunidade galega afástase da media estatal en case 6 puntos.

Un 35,1% dos fogares galegos conéctase a Internet a través de ADSL (un valor semellante á media estatal) e un 47,4% por rede de cable ou fibra óptica. Neste último caso, a comunidade galega sitúase case 10 puntos por debaixo do conxunto estatal. No entanto, vai evolucionando positivamente cara a este tipo de conexión, como se reflicte no dato de 2018, no que a conexión por cable ou fibra óptica supera a de ADSL.

Os servizos de comunicación e acceso á información son os máis utilizados polas persoas usuarias galegas de Internet, sobre todo a busca de información sobre bens e servizos, o envío de correos electrónicos e a visualización de vídeos. O uso da banca electrónica é o sexto servizo máis usado pola poboación galega, 5,5 puntos porcentuais máis que o total España.

En 2018, un 94,2% das nenas e nenos galegos de 10 a 15 anos utilizou o ordenador, un 95,3% accedeu a Internet e un 66,5% dispuxo de teléfono móbil. Os nenos galegos superan aos do conxunto de España nas dúas primeiras actividades, en cambio dispoñen en menor medida de teléfono móbil, 3,3 puntos por debaixo.

As diferenzas de comportamento entre os homes e as mulleres no uso das TIC acúrtanse tanto no que respecta ao uso de Internet como á frecuencia do mesmo, a excepción das compras a través da rede. En Galicia os homes usan máis Internet para mercar (37,3% das mulleres fronte ao 43,7% dos homes), diferenza que é algo máis reducida no conxunto de España.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O número de persoas que utilizaron o comercio electrónico con fins privados aumentou entre 2015 e 2018 en máis de 142.000 usuarios na comunidade galega, só no último ano de estudo creceu en máis de 91.000 persoas. Os produtos máis demandados son: bens para o fogar, equipamento electrónico, material deportivo, roupa e servizos de telecomunicacións.

O interese dos galegos e galegas pola aprendizaxe de coñecementos informáticos sitúase algo por riba da media estatal: un 25,9% realizou este tipo de actividades durante o ano 2018, incluída a formación *online* ou o autoestudo gratuíto e a formación no traballo por compañeiros ou supervisores.

Un 2,7% das e dos usuarios de Internet en Galicia obtivo algún tipo de traballo remunerado a través dalgunha páxina web ou aplicación (sen contar as que corresponden ás das axencias de emprego) e para o 1,8% este traballo constituíu a súa fonte de ingresos principal. A media estatal sitúase no 3,6%, 0,9 puntos porcentuais por riba da comunidade galega.

Comportamento dos internautas galegos

Galicia é a cuarta comunidade autónoma que máis utiliza as redes sociais. Un 81,9% da poboación galega accede diariamente. O predominio do uso da rede social Facebook é absoluto, tanto na comunidade galega (81,4%) coma no conxunto de España (80%). Instagram amósase como a segunda opción, seguida de Twitter e LinkedIn. Un 75,3% utiliza as redes como un instrumento máis de comunicación e un 64% para estar informado sobre a actualidade, unha actividade que supera á media estatal en 7,1 puntos porcentuais. O tipo de contidos que se soben á rede con máis frecuencia tanto en Galicia coma no conxunto de España son fotos, comentarios, opinións ou outros textos.

Un 30% dos internautas galegos accedeu a blogs relacionados coa súa profesión ou estudos e un 32,1% a blogs de calquera outro tipo. Nos últimos dous anos de estudo, este acceso descendeu 5,7 puntos en Galicia e 6 puntos no conxunto do Estado.

Google encabeza a porcentaxe de últimas visitas a páxinas web tanto en Galicia coma no conxunto de España, superando en ambos os dous casos o 28%. A segunda con maior índice de acceso na comunidade galega é La Voz de Galicia, cun 18,1%, seguida de Facebook, que se achega ao 18%. La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Meteogalicia e Xunta de Galicia son as páxinas galegas que se atopan entre as vinte máis visitadas.

WhatsApp é o servizo de mensaxaría preferido polos galegos e galegas, cun 95,1% de usuarios. O seguinte é Facebook Messenger/Chat cun 41,7 %, Telegram cun 29,3% e Skype cun 24,3%.

A lectura de noticias de actualidade é a actividade gratuíta máis común tanto en Galicia coma no conxunto do Estado (87% e 85,6% respectivamente), seguida da visualización *online* de vídeos (tipo YouTube) e a consulta da previsión meteorolóxica. Respecto ás actividades de pago, a máis habitual é a de ver películas ou series *online* sen descargar. Nesta actividade Galicia supera a media de España en 2,1 puntos porcentuais.

Un 18,8 dos internautas galegos segue habitualmente a algún *videoblogger* ou *youtuber* e o 24,4% faino de xeito ocasional. Esta porcentaxe no conxunto estatal é algo máis baixa en ambos os dous casos.



As novas tecnoloxías nos centros educativos galegos

En xeral, conséntase que tanto en Galicia coma no conxunto de España a ratio de alumnos/ordenador é inferior nos centros públicos que nos privados. No curso 2016-2017 a media estatal de alumnos/ordenador nos centros públicos é de 2,8, mentres que nos privados é de 3,6. Na comunidade galega, os resultados son mellores aínda, xa que tanto nos centros públicos coma nos privados o índice é inferior ao do conxunto do Estado (2,1 e 3,1 alumnos/ordenador respectivamente).

O número medio de alumnos por ordenador destinado a tarefas de ensinanza e aprendizaxe sitúase en Galicia no 2,3, 7 décimas por debaixo do conxunto de España. Esta distribución é menor nos centros públicos que nos privados (2,1 e 3,1 respectivamente). Este dato é especialmente positivo nos centros públicos de ensinanza secundaria (1,9 fronte ao 2,7 de media estatal).

No que se refire ao número medio de alumnos por ordenador destinado preferentemente á docencia, Galicia está un punto por debaixo do conxunto do Estado. O número medio de ordenadores por unidade/grupo en Galicia é de 7,6 e de 6,4 no total de España. Este índice é superior nos centros públicos, tanto en Galicia coma no total do territorio español. No caso dos ordenadores destinados preferentemente ás tarefas propias do profesorado, o indicador sitúa a Galicia en peor posición ca o conxunto de España (2,2 profesores/ordenador fronte a 1,9).

Na análise dos datos de conexión dos centros de ensino a Internet apréciase que Galicia, cunha taxa dun 95,8%, supera ao conxunto do Estado en 1,2 puntos porcentuais. Esta diferenza acentúase aínda máis cando se trata de centros públicos. Esta porcentaxe é 3 puntos porcentuais inferior nos centros privados ca nos públicos, mentres que no conxunto do Estado é á inversa (1,2 puntos porcentuais por riba nos centros privados).

Na maioría das comunidades empréganse máis os dispositivos móbiles, como ordenadores portátiles ou Tablets PC, que os de sobremesa. No caso de Galicia, o uso destes dispositivos representa un 55%, 5,8 puntos superior ao do conxunto do Estado. Nos centros privados hai unha maior proporción de Tablets PC (7,1%, fronte a 1,5% dos públicos). No conxunto de España a situación é semellante.

Practicamente a totalidade dos centros educativos de Galicia dispoñen de páxina web, concretamente un 91,6%, o que supón 5,1 puntos porcentuais por riba da media estatal.

Respecto ao uso de Entornos Virtuais de Aprendizaxe (EVA), cómpre salientar que Galicia está á cabeza de todas as comunidades autónomas neste servizo, sobre todo nos centros públicos, un 87,1%, fronte ao 28,8% dos centros privados. No conxunto do Estado a situación é ao revés, o uso de EVA é superior nos centros privados.

Un 98,9% dos centros educativos públicos galegos dispón de servizo na nube, unha cota que baixa ao 34,4% cando se trata dos centros privados. Galicia é a comunidade autónoma de España que máis ofrece este tipo de servizo.

Un 49,6% dos centros galegos de ensino participa en proxectos, convocatorias e experiencias relacionadas co uso das tecnoloxías educativas, 18 puntos porcentuais por riba da media estatal. A diferenza acentúase aínda máis nos centros privados de educación secundaria (un 70,9% fronte a un 43% no conxunto de España).

